

29 / 30 / 31 DE XANEIRO 2016



## INTERNATIONAL FILM FESTIVAL ROTTERDAM

### Entrevista a Bero Beyer de Martin Kudlac

#### **Cales van ser as novidades do IFFR Live para esta edición?**

Esta iniciativa atópase no seu segundo ano e levamos a cabo un redeseño para que se converta, se cadra aínda máis, nun sinal dun novo xeito de distribución no cal os festivais poden desenvolver un papel chave. O ano pasado iniciamos o proxecto con proxeccións en *streaming* e coloquios interactivos en 40 cinemas de toda Europa. Este ano expandimos o concepto até convertelo nun minifestival cun amplo contido post-proxección no cal o espectador pode participar interactivamente desde calquera lugar do continente. Estou realmente entusiasmado con esta sección pois subliña a importancia dos festivais na distribución a nivel europeo, coa implementación de anovadoras plataformas e mesmo mecanismos alternativos á distribución tradicional. Estamos a exportar unha nova experiencia de festival máis ca ir filme a filme. A sensación debe ser case a mesma que se o espectador estivese en Rotterdam, razón pola cal ampliamos o noso nivel de interactividade.

**A 45ª edición do festival vén de implementar outros cambios nesta nova edición. Cales destacarías?** Coido que haberá grandes melloras na maneira en que presentamos o festival, que ten a ver co feito de que dividimos toda a programación en catro seccións distintas. Mellor ca categorizar os filmes en operas primas e segundas obras ou engadir novas seccións, o que fixemos foi organizar as 250 longametraxes e 200 curtametraxes en catro seccións que teñen cadanseu ton e personalidade.

**Cales son esas catro seccións?** A sección «Bright Future» reúne a todos os cineastas emerxentes e anovadores que están tentando crear e consolidar a súa propia personalidade creativa. É o espazo lóxico para os cineastas debutantes ou de segundo ano, mais tamén para o noso Hivos Tiger Awards Competition, no que haberá oito filmes a competir no canto de quince. Na segunda sección, denominada «Voices» tentamos maximizar as plataformas para a distribución en Holanda programando aqueles filmes que consideramos que deberan contar con máis oportunidades de proxección. Outra sección é «Deep Focus», na que xuntamos todas as nosas retrospectivas e masterclasses facilitando que o acceso á totalidade dos traballos de cineastas de cabeceira do certame. Este ano imos contar cunha retrospectiva da Escola de Barcelona. A última sección titúlase «Perspectives» e nela convidamos á análise do feito cinematográfico desde distintos ángulos —de acordo a diferentes disciplinas, xéneros e persoas— e á investigación arredor da liberdade artística daqueles cineastas que traballan certos xéneros.

**Que buscabas ao darlle aos filmes do Hivos Tiger Awards Competition máis dun foco?** Consideramos que é unha idea intelixente introducir oito filmes na competición principal para sermos quen de dedicarlle un día completo a cada filme. Permitirlles brillar para, algún día, poder ser consideradas como obras de arte exemplares, que é o obxectivo do IFFR nesta sección. Cada filme nomeado contará co seu propio set de prensa, encontros e posters, mais tamén estamos á procura de crear o mellor contexto para cada proposta, xa sexa na forma dunha mostra ou unha exposición artística. Así, cada serán contaremos cun coloquio público arredor de cada filme incluído na sección.

Extraído de: <http://cineuropa.org/it.aspx?t=interview&l=en&did=303788>  
Tradución: Xan Gómez Viñas



## ASI OPEN MY EYES

29 de xaneiro | 20:00h.  
Túnez | 2015 | 102' | v.o.s.e.

Túnez, verán de 2010, a escasos meses da Revolución. Farah, de 18 anos, acaba de terminar os estudos secundarios e a súa familia xa a ve cursando a carreira de Medicina. Pero ela non comparte ese desexo.



## THE MODEL

30 de xaneiro | 16:00h.  
Dinamarca | 2016 | 108' | v.o.s.e.

Emma, modelo de moda en auge, ten a posibilidade de converterse nunha top model internacional mais precisa deixar a súa vida en Dinamarca para mudarse a París. Nunha sesión de fotos na súa nova cidade coñece ao atractivo fotógrafo Shane White e ambos caen namorados.



## LA NOVIA

31 de xaneiro | 16:00h.  
España | 2015 | 99' | v.o.

Adaptación de *Bodas de sangre* de Federico García Lorca. Desde pequenos, Leonardo, o Noivo e a Noiva facían un triángulo inseparábel. Porén, as cousas estanse a complicar ultimamente: o Noivo e a Noiva van casar, mais entre ela e Leonardo sempre houbo algo máis ca amizade.



## THE GARBAGE HELICOPTER

31 de xaneiro | 20:00h.  
Suecia | 2015 | 100' | v.o.s.e.

Nalgún lugar de Suecia, un xigantesco contedor pendurado dun grande helicóptero cae ao baleiro. O contedor libera unha chea de lixo que se espalla por toda a rexión. Mentres tanto, unha muller entrada en anos esperta cun poderoso anxeio.



INTERNATIONAL  
FILM FESTIVAL  
ROTTERDAM

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org